

## BLOQUE 1 - EUA

**A desesperación de Scorsese. A mirada divertida de Jarmusch. Seis achegas ao país das «oportunidades»: Winston-Salem, Chicago, Los Ángeles, Nova York, París, Roma, Helsinki**

1.1 *Taxi driver* (1976). Martin SCORSESE. EUA

1.2 *Ao límite* (1999). Martin SCORSESE. EUA. Previr a violencia: medio hostil. Axudas psicosociais. Estrés postraumático. Traballo = Autorrealización?

1.3 *Noite na Terra*. EUA (1991). escoita activa. Autocoñecemento vocacional. Roles.

1.4 *Chicago cab*. EUA (2007). Evitar liortas e/ou rifas. escoita. Empatía. Acollida.

1.5 *Un café en calquera recanto*. EUA-IRÁN (2005). Sensibilizarse co desarraigamento dos emigrantes.

1.6 *Goodbye Solo*. EUA (2005). Vitalidade fronte á ideación-conduta suicida.



**1.1 Taxi driver. EUA (1976). Previr a violencia no medio hostil. Axudas psicosociais**  
Imprescindible. Obra mestra. O mellor sinal de partida nas carreiras da noite novaiorquina. Transcorre en 1976, aterramos na urbe por excelencia, nun espazo venerado polos integrantes dun equipo de mitos e celebridades: **Martin Scorsese** dirixe, **Paul Schrader** guioniza, **Robert de Niro** dálle vida a Travis, un varón novo, solitario, insomne, veterano do Vietnam que precisa encher o seu insomnio de asfalto. Noite após noite, observa a face máis hostil do formigón, carbonizándose na transcendencia e no pesimismo da súa existencia, na procura dunha misión mesiánica que o redima. Un relato arredondado pola banda sonora de **Bernard Herrmann**, que subliña os sedutores fraseos de saxo alto con percusión cortante, alambicada, premonitoria dunha mente a piques de curtocircuitarse...

### FICHA TÉCNICA

Dirección: Martin Scorsese

Guión: Paul Schrader

Fotografía: Michael Chapman

Música: Bernard Herrmann.

Produción: Columbia Pictures

Xénero: drama/drama psicolóxico/crime/política/filme de culto

Duración: 113´

Elenco: Robert de Niro, Harvey Keitel, Jodie Foster, Cybill Shepherd, Peter Boyle

Premios: Palma de Ouro no Festival de Cannes en 1976. Premios BAFTA 1977: Premio á Mellor Actriz Secundaria e á Mellor Actriz Revelación (Jodie Foster), Premio á Mellor Banda Sonora (Bernard Herrmann). Premios David di Donatello 1977: Premio Especial á Dirección (Martin Scorsese) e Premio Especial á Secundaria (Jodie Foster). Premios do Círculo de Críticos de Nova York 1976: Mellor Actor (Robert de Niro). National Society of Films Critics 1976: Mellor Director (Martin Scorsese), Mellor Actor (Robert de Niro) e Mellor Secundaria (Jodie Foster). Asociación de Críticos de Los Ángeles 1976: Mellor Actor (Robert de Niro), Mellor Banda Sonora (Bernard Herrmann), Premio Nova Xeración (Martin Scorsese e Jodie Foster). 28.ª Edición dos Fotogramas de Prata: Premio Mellor Intérprete de Cinema Estranxeiro (Robert de Niro). 22.º Premios Sant Jordi 1977: Mellor Interpretación Estranxeira (Robert de Niro).



### 1.2 Ao límite. EUA (1999) Estrés postraumático. Traballo = Autorrealización?

Frank é un empregado nocturno deses **taxis medicalizados** chamados ambulancias, esa clase de vehículos con usuarios ao límite: persoas enfermas, accidentadas, moribundas de calquera idade e condición social... Baixo presión imparabile responden a todas as demandas de auxilio. E nesa **dureza do estrés postraumático** reaparácelle recorrentemente a imaxe dunha moza que non puido salvar. Atrapado nesta parálise, será transcendental salvar algunha vida de novo.

#### FICHA TÉCNICA

Dirección: Martin Scorsese

Guión: Paul Schrader, Joe Connelly

Fotografía: Robert Richardson

Música: Elmer Bernstein.


Produción: Paramount Pictures/Touchstone Pictures

Xénero: drama/drama psicolóxico/medicina

Duración: 121'

Elenco: Nicolas Cage, Patricia Arquette, John Goodman, Ving Rhames...

Premios: 1999 Premios Satellite Awards. Ving Rhames Nom. Mellor Actor Elenco



### 1.3. Noite na Terra. EUA (1991). escoita activa. Autocoñecemento vocacional. Roles

Unha mesma noite en cinco cidades do mundo: Los Ángeles, Roma, París, Helsinki e Nova York. Historias independentes no marco do taxi, do solpor ata o amencer dun día no que acontecen experiencias moi distintas na codia do planeta. Nós salientamos o **valor educativo** de dúas delas. **Los Ángeles: Gena Rowlands** toma un taxi no aeroporto. Durante a carreira, advirte na taxista valor fotoxénico e dillo, pois é directora de *casting*. Prosegue na súa teima. A taxista escoítaa (**Winona Ryder**), mais, segura de si mesma, toma a palabra deica o futuro que prefire. Pola súa parte, outra historia que hai que subliñar transcorre nunha **Nova York** invernal, con escasos taxis para afrodescendentes e hispanos. **Giancarlo Espósito** conségueo. Ninguén garantiu un traxecto lineal, pois o taxista é un vello alemán sen experiencia no cambio de marchas. Daquela, evitan «un camiño atragado» ao mudaren os papeis.

#### FICHA TÉCNICA

Dirección: Jim Jarmusch

Guión: Jim Jarmusch

Montaxe: Jay Rabinowitz

Dirección de arte: Diana Burton, Jeff Butcher, Giuseppe Strino, Rome Christian Waelder, Neal W. Zoromski

Vestuario: Magda Bava, Claire Fraise, Barbara Gordon, Tina Seppo, Alexandra Welker

Son: Stuart Stanley

Música: Tom Waits


Fotografía: Frederick Elmes

Produtora: JVC, Victor Musical Industries, Pyramide Productions, Canal+, Pandora Cinema, Pandora Film, Film4 Productions, JVC Entertainment Networks, Locus Solus Entertainment

Elenco: Winona Ryder, Giancarlo Esposito, Gena Rowlands, Armin Mueller-Stahl, Rosie

Pérez, Roberto Benigni, Béatrice Dalle, Matti Pellonpää, Isaach de Bankole, Paolo Bonacelli,

Kari Väänänen, Tomi Salmela, Sakari Kuosmanen



#### 1.4 *Chicago cab.* EUA (2007). Evitar liortas e/ou rifas. escoita. Empatía. Acollida

Chicago contén 9 millóns de almas, tráfico abofé, un mapa alambicado nun frío afiado no Nadal. Algúns dos seus habitantes precisan **taxis e máis taxis**, un incesante servizo público que abre a porta a toda clase de clientes nun circuito de **carreiras dentro e fóra do convencional**. Con tipos diferentes detrás do volante: uns sen pestanexar, outros co taxímetro no corazón e algún coa aspiración de limitarse a un servizo, saudar, escoitar, conducir e calar paralizado polo abraio, polos berros ou pola deriva dalgunhas vidas feridas ou sen rumbo. En resumo: **intensas xornadas nas 14 horas dun asalariado sen deshumanizarse**.

##### FICHA TÉCNICA

Dirección: Mary Cybulski e John Tintori

Guión: Will Kern

Fotografía: Hubert Taczanowski


Música: Page Hamilton

Produción: New Crime Productions, GFT Entertainment

Xénero: comedia/drama.

Duración: 96´

Elenco: Paul Dillon, Gillian Anderson, John Cusack, Julianne Moore, John C. Reilly, Michael Shannon...



#### 1.5 *Un café en calquera recanto.* EUA-IRÁN (2005). Sensibilizarse co desarraigamento dos emigrantes

A vida de Ahmed é **un amencer repetido**. Emerxe do soto dun rañaceo, empurrando un *minifood-track* ata o recanto no que se encapsula. Despáchalles cafés, téis, donuts aos peóns que almorzan de pé, na rúa, con présas. Para eles é **un paquistaní máis, un apéndice do carriño que abastece de bebidas quentes os clientes**. A nós entréganos os seus días e a incerteza da pensión alimenticia para o fillo que ama de lonxe, porque tamén niso só pode ser estranxeiro. Atravesa en zig-zag avenidas, luces e reflexos como un novembro amigo no nocturno novaiorquano. Mais Ahmed tamén é unha visita ao teatro do mundo no que **vivimos, sen mirarnos**, mesmo unha ollada solidaria á paternidade ferida ou á perda do medio de traballo.

##### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Ramin Bahrani

Fotografía: Michael Simmonds

Música: Peyman Yazdanian


Produción: Noruz Films, Flip Side Film

Xénero: drama/cinema independente EUA/inmigración

Duración: 87´

Elenco: Leticia Dolera, Ahmad Razvi, Ali Reza, Charles Daniel Sandoval

Premios: 22.<sup>a</sup> Independent Spirit Awards (filmes do 2006) 3 nominacións (Mellor Actor Protagonista, Mellor Ópera Prima, Mellor Fotografía). Gotham Independent Film Awards 2006: nominada á Mellor Dirección Novel.



### 1.6 *Goodbye Solo*. EUA (2008). Vitalidade fronte á ideación-conduta suicida

**Souleymane Solo** é un taxista senegalés de 34 anos: acolledor, optimista e con proxecto de futuro. **William**: 70 anos, agre, triste, con ira e sen forza no primeiro cigarro do día que o ergue dunha obvia desenerxía existencial. Con case nada en común, todo comeza como relación contractual chofer-cliente: unha boa carreira, un bo diñeiro, unha boa distancia deica un destino desolador que desacouga o taxista. **Blowing Rock**: o cumio dun monte no que o vento zoa dabondo para **empurrar un home no seu outono**. Após a primeira viaxe, acordan un segundo traxecto ao mesmo punto con data concreta, que Solo tentará impedir. El é produto da súa cultura e no Senegal é instintivo o coidado dos maiores. Loitará para que William desista, mentres na súa propia vida amorea ilusión e problemas de parella, laborais, de estigmatización social...«**Un taxímetro moral**» de costas ao mundo, entre estradas perdidas, fábricas mortas, silencios e diálogos íntimos. Un deses filmes retido na indiferenza global, coa beleza dos **instantes inusuais na carreira da vida**. Fóra de nós? Dificilmente, porque crea un espazo de sentimentos universais (amor, tristura, amizade, autoodio...) no que din e non din.

#### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Ramin Bahrani

Fotografía: Michael Simmonds

Música: M. Lo

Produción: Roadside Attractions, Gigantic Pictures

Xénero: drama/comedia/amizade/cinema independente EUA

Duración: 91'

Elenco: Souleymane Sy Savane, Red West, Diana Franco Galindo, Mamadou Lam

Premios: Premios Independent Spirit: nominada ao Mellor Actor (Souleymane Sy Savane)